

REGULAMENTO DA III CARREIRA POPULAR DE AMORÍN- TOMIÑO – CARREIRA POLA INTEGRACIÓN

1-A Asociación de Veciños de Amorín, coa colaboración do Excmo. Concello de Tomiño e o Club Atletismo Porriño, organiza a “III CARREIRA POPULAR DE AMORÍN”, que se celebrará o domingo, día 5 de xuño de 2011, a partires das 11:00 horas, diante da igrexa parroquial de Amorín, no Concello de Tomiño.

2-Dado o carácter popular da proba, poderán participar todas as persoas que o desexen, sen límite de idade.

3-Se os participantes teñen Licencia Federativa de atletismo en vigor ou ben seguro deportivo, pregamos nolo fagan saber, posto que para os participantes non federados a organización disporá dun seguro específico de accidentes para esta proba.

3-As inscricións poderán realizarse ben a través do correo electrónico da Asociación de Veciños [avdamorin@gmail.com](mailto:avdamorin@gmail.com), ben na web: [www.damorin.es](http://www.damorin.es), ata o venres, día 3 de xuño de 2011 como máximo para a proba absoluta, permitíndose o mesmo día da proba unicamente inscricións de rapaces ou rapazas de categorías menores (ata xuvenil, inclusive), media hora antes do inicio da carreira.

4-Nas inscricións farase constar o nome, apelidos, data de nacemento, número de Licencia ou Seguro Deportivo (de telo) e lugar de procedencia. As inscricións son de balde.

5-A organización no se responsabiliza dos danos morais ou físicos ocasionados na participación da proba, esperando dos participantes o mellor espírito deportivo.

6-Polo simple feito de participar, os corredores e corredoras aceptan todo o reflexado neste regulamento.

7-Os dorsais serán entregados pola organización ata media hora antes do comezo de cada proba na secretaría, que estará ubicada nas instalacións da Casa do Pobo, a carón da igrexa de Amorín.

8-Entregaranse trofeos ós tres primeiros clasificados nas categorías de menores, agás pitufos, ós tres primeiros da carreira absoluta e os tres primeiros de cada categoría de veteráns (non acumulativos), en ambos sexos, e medallas conmemorativas ó resto de participantes. A entrega de trofeos realizarase unha vez finalizadas todas as carreiras.

9-Todas as asociacións ou entidades que aporten persoas con discapacidade psíquica para participar na carreira, serán agasalladas cun trofeo conmemorativo.

10- Categorías, orde de saída e horarios.

CATEGORÍA	DATA/ANO NACEMENTO	CATEGORÍA	DATA/ANO NACEMENTO
PITUFOS (H/M)	2006 E POSTERIORES	CADETE (H/M)	1996-1997
PREBENXAMÍN (H/M)	2004-2005	XUVENIL (H/M)	1994-1995
BENXAMÍN (H/M)	2002-2003	ABSOLUTA (H/M)	06/06/1976 ATA 1993 (INCL.)
ALEVÍN (H/M)	2000-2001	VETERÁNS A (H/M)	05/06/1976 ATA 06/06/1966
INFANTIL (H/M)	1998-1999	VETERÁNS B (H/M)	05/06/1966 E ANTERIORES

CATEGORÍA	DISTANCIA	HORA
CADETE-XUVENIL (H)	2.372 M (2 VOLTAS PEQUENAS + 1 VOLTA GRANDE)	11:00
INFANTIL (H) / CADETE-XUVENIL (M)	1.876 M (1 VOLTA PEQUENA + 1 VOLTA GRANDE)	11:15
ALEVÍN (H) / INFANTIL (M)	1.380 M (1 VOLTA GRANDE)	11:30
ALEVÍN (M) / BENXAMÍN (H)	992 M (2 VOLTAS PEQUENAS)	11:40
BENXAMÍN (M)	496 M (1 VOLTA PEQUENA)	11:45
ABSOLUTA - VETERÁNS (H/M)	6270 M (1 VOLTA GRANDE +1 VOLTA CIRCUITO ABSOLUTO)	11:50
PREBENXAMÍN (H/M)	300 M APROX. (MENTRES CORREN PROBA ABSOLUTA)	12:00
PITUFOS (H/M)	100 M APROX. (MENTRES CORREN PROBA ABSOLUTA)	12:05

11-Paralelamente á carreira, celebrarase unha andaina popular pola beira do río Furnia, con saída ás 11 horas desde a igrexa de Amorín, para todas aquelas persoas que o desexen, non sendo preciso realizar inscrición previa. O percorrido aproximado será de 4 quilómetros, con nivel de dificultade baixa. É aconsellable levar calzado axeitado.

12- Todo o non recollido neste regulamento, resolverase polo Comité Organizador dacordo coas normas vixentes de competición da RFEA e o Manual 2010 da IAAF.